



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG-ENSINO) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO COMO ENTIDADE COLABORADORA.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante, a Consellería), en virtude do seu nomeamento a través do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, que actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

E doutra parte, D^a, Laura Arroxo Reguera, con DNI _____, na súa calidade de secretaria nacional da CIG-Ensino, con enderezo para efectos de notificacións R/Miguel Ferro Caaveiro, nº 10-1º. 15703 Santiago de Compostela.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN

I. Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante, a Consellería) exerce as competencias en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, e ten entre outras funcións, o desenvolvemento de



accións encamiñadas á formación e perfeccionamento permanente do profesorado, o cal constitúe unha das pezas clave do noso sistema educativo.

II. Que a Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia (en diante, Orde do 14 de maio de 2023), recolle no seu artigo 12.1 a posibilidade de subscribir convenios en materia de formación do profesorado con outras entidades ou institucións, públicas ou privadas, sen ánimo de lucro, que estean vinculadas coa educación. Estas entidades ou institucións consideraranse entidades colaboradoras.

III. CIG-Ensino, de acordo cos seus estatutos, ten recoñecida entre as súas finalidades a formación do profesorado, e manifesta a súa vontade de desenvolver, como entidade colaboradora, accións formativas que contribúan á mellora do desenvolvemento profesional do profesorado en coherencia coas liñas de actuación prioritarias, obxectivos e finalidades establecidas en materia de formación permanente do profesorado na planificación realizada pola administración educativa, e dispón de recursos necesarios para garantir o adecuado desenvolvemento de actividades de formación do profesorado.

IV. As dúas institucións están interesadas na creación dun marco de colaboración estable para a formación permanente do profesorado que estableza unha adecuada planificación das accións formativas e que permitan dar unha resposta adecuada ás necesidades formativas do sistema educativo e do persoal docente, coa finalidade de que repercutan positivamente no proceso de ensinanza e de aprendizaxe do alumnado.

En atención ao exposto, ambas as dúas partes conveñen en formalizar este convenio de colaboración de acordo coas seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto.

O obxecto deste convenio é colaborar no eido da formación permanente do profesorado, dentro do ámbito de aplicación da Orde do 14 de maio de 2013.

SEGUNDA. Obrigas.

CIG-Ensino por medio da subscrición deste convenio adquire a condición de entidade colaboradora e obrígase a:

- a) Organizar e desenvolver as actividades de formación permanente do profesorado que se recollen no anexo que xunta a este convenio, segundo o establecido nos capítulos do I ao VII da Orde do 14 de maio de 2013.
- b) Garantir que a oferta formativa, especificada no correspondente anexo, sexa unha oferta aberta ao profesorado que desenvolve o seu labor docente ou especializado nos centros sostidos con fondos públicos, dentro do ámbito de xestión da Consellería, así como aquel con destino nos servizos técnicos da consellería.
- c) Dispor do persoal técnico, equipamento e instalacións necesarios para levar a cabo as distintas accións formativas recollidas no anexo e nas correspondentes addendas, e especialmente en actividades relacionadas coas TIC.
- d) Establecer procesos internos de seguimento das actividades que garantan o seu correcto desenvolvemento, e facilitará os procesos de seguimento e inspección establecidos pola administración educativa, proporcionando os datos requiridos tanto sobre persoas seleccionadas ás actividades, asistentes, renuncias en prazo e xustificadas e non comparecencias ou renuncias non xustificadas, como outros datos xenéricos da actividade.



- e) Ademais das obrigas legais establecidas de avaliación das actividades e das persoas participantes, colaborará coa Administración educativa, por medio da Rede de formación permanente do profesorado, na avaliación que esta poida realizar do desenvolvemento e adecuación das actividades obxecto do convenio en relación coas liñas, obxectivos e finalidades establecidas en materia de formación do profesorado.
- f) A adoptar as medidas necesarias para facilitar o proceso de xestión e certificación das actividades de formación de xeito que se poida garantir unha adecuada coordinación e eficiencia no recoñecemento e certificación das actividades.
- g) Nos materiais que se publiquen ao abeiro deste convenio inserirase o logotipo da Consellería e farase mención expresa a este convenio. A Consellería non terá responsabilidade no seu uso.

A Consellería coa subscrición deste convenio obrígase a :

- Colaborar coa entidade para o adecuado desenvolvemento do programa de formación aprobado, facilitando a xestión de procedementos de recoñecemento e certificación.

TERCEIRA. Causas de resolución.

Será causas de resolución deste convenio:

- a) Non realizar ningunha actividade de formación nalgún dos anos de vixencia do convenio.
- b) Non realizar por parte da entidade máis do 60% das actividades aprobadas.
- c) Non terse acordado a súa prórroga no transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- d) Calquera das partes poderá denunciar o convenio durante o seu período de vixencia sempre que medie incumprimento grave dos compromisos asumidos,



así como polo incumprimento dos requisitos establecidos na Orde do 14 de maio de 2013.

CUARTA. Comisión de seguimento.

Para o seguimento do establecido neste convenio, as partes acordan crear unha Comisión de seguimento que estará integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes.

Reunirase, como mínimo, unha vez ao ano, así como sempre que o requira unha das partes, con previo aviso á outra parte con polo menos unha semana de antelación.

Resolverá os problemas de interpretación que poidan xurdir e o cumprimento do establecido neste convenio.

QUINTA. Relacións laborais.

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolveron as actividades e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

SEXTA. Valoración económica.

A realización deste convenio non supón ningún gasto para as institucións asinantes; por este motivo non se precisa consignación orzamentaria.

SÉTIMA. Protección de datos de carácter persoal.

As partes manifestan que coñecen e cumpren tanto a lexislación europea como nacional en materia de protección de datos de carácter persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento deste convenio, no marco do



disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As partes comprométense a:

- Tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar o servizo.
- Que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.
- Que os datos de carácter persoal non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer, de ser o caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

Os datos de carácter persoal deberán ser devoltos ou conservados nun arquivo protexido, a criterio de CIG-Ensino, unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

OITAVA. Rexistro de convenios.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da AS-PG para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

NOVENA. Normativa aplicable e xurisdición.



Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, e quedará suxeito ao disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público pola Resolución da Consellería e Facenda do 8 de abril de 1991, así como a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As cuestións litixiosas que xurdisen respecto da interpretación, a modificación, a resolución serán resoltas de mutuo acordo polas partes. En defecto de acordo entre as partes, a xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

DÉCIMA. Vixencia.

Este convenio estará vixente durante un período de 4 anos desde o día da súa sinatura e poderá ser prorrogado cos límites establecidos no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes cunha notificación á outra con dous meses de antelación.

Coa sinatura deste convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de transparencia e Goberno aberto os datos de carácter persoal contidos neste.

E, en proba de conformidade, as partes asinan este convenio dixitalmente.

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional Román Rodríguez González	A secretario nacional da Federación de Ensino da Confederación Intersindical Galega (CIG-Ensino) Laura Arroxo Reguera
--	--



ANEXO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG-ENSINO) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO COMO ENTIDADE COLABORADORA.

As dúas entidades pretenden unha cooperación estable para a formación permanente do profesorado que estableza unha adecuada planificación das accións formativas, coa finalidade de que repercutan positivamente no proceso de ensinanza e de aprendizaxe do alumnado.

Que ambas partes consideran necesaria a dita colaboración coa finalidade de asegurar a axeitada planificación e desenvolvemento das actividades de formación permanente do profesorado, polo que para o curso 2025/26 CIG-Ensino ofertará ao profesorado que desenvolve o seu labor docente ou especializado nos centros sostidos con fondos públicos, dentro do ámbito de xestión da Consellería 20 (vinte) actividades, tal e como se detalla a continuación:

	Título		Modalidade	Asistentes
1	Paseos Pedagóxicos de Vigo 2025. Orixes VI. Coevolución da Xeosfera e a Biosfera.	32	Presencial	50
2	V Xornadas de Historia de Galiza. A nosa Historia facémola nós. Arredor de Castelao.	8	Presencial	200
4	XXXV Xornadas de lingua e literatura	8	Presencial	200
5	Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria. Compostela	8	Presencial	100
6	Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria. Vigo e Morrazo	8	Presencial	100
7	Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria. Ourense	8	Presencial	100
8	Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria. Ferrol	8	Presencial	100



10	Curso para certificar a competencia dixital B2: A2 E A5. Atención á diversidade e IA. Creación de recursos e estratexias para un ensino inclusivo.	30	Distancia	200
11	Orientacións para o módulo de dixitalización aplicada ao sector produtivo.	30	Distancia	200
12	Portugués avanzado para docentes.	30	Distancia	200
13	Curso para certificar a competencia dixital B2: A3 e A6. Deseño gráfico de materiais vectoriais para Polos Creativos e aplicación na aula.	30	Distancia	200
14	Castelao para as aulas. Vertente literaria, política, ideolóxica e artística.	30	Distancia	200
15	Curso para certificar a competencia dixital B2: A3 e A6. Deseño gráfico para Polos Creativos.	30	Distancia	200
16	Alumnado con xordeira e xordocegueira. Atención na aula	30	Distancia	200
17	Deseño e elaboración de unidades didácticas para FP	30	Distancia	200
18	Curso para certificar a competencia dixital B2: A2 e A5. Canva como ferramenta metodolóxica para unha docencia creativa.	30	Distancia	Distancia
19	Curso para certificar a competencia dixital B2: A 2 E A 5. Configuración de tecnoloxías de audio para traballar os podcast e a educación da voz. 2. ^a edición.	30	Distancia	200
20	Curso para certificar a competencia dixital docente B2: A3 e A6. Intelixencia dixital na aula: crear actividades con IA e fomentar a competencia dixital do alumnado.	30	Distancia	200